

O Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro que regula as ensinanza universitarias establece un novo sistema de validación de estudos denominado recoñecemento e transferencia de créditos. Neste Real Decreto establece que as propostas dos programas de Grao incorporen o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos polo que ao obxecto de dar cumprimento a este mandato e ante a aprobación das titulacións de Grao o Consello de Goberno da Universidade aprobou na súa sesión do 14 de marzo de 2008 a normativa de Transferencia e Recoñecemento de créditos para as titulacións adaptadas ao EEES e que se deberá aplicar no caso das titulacións de Grao.

A USC aprobou no Consello de Goberno do 6 de febreiro do 2008 o título de Graduado/Graduada en Matemáticas que foi verificado polo Consello de Universidades na súa sesión do 28 de maio de 2008 e autorizada a súa implantación para o curso 2008/2009 mediante o Decreto 154/2008, do 17 de xullo (DOG do 30 de xullo de 2008). Na memoria deste programa de estudos establécese un calendario de implantación da nova titulación así como o de extinción do actual plan de estudos da Licenciatura en Matemáticas así como a táboa e sistema de incorporación dos estudantes que cursaron algunha materia da Licenciatura en Matemáticas ao Grao de Matemáticas.

Co obxecto de dar cumprimento a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da USC e establecer os criterios para a aplicación da táboa de adaptacións que figura na memoria do Grao de Matemáticas esta reitoría

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Os estudantes da actual licenciatura en Matemáticas poderán solicitar o recoñecemento de créditos e competencias segundo a táboa de equivalencia que figura no ANEXO por bloques ou por materias.

#### **Segundo.- Recoñecemento por bloques**

a) Os alumnos que teñan superado polo menos 60 créditos do plan de estudos actual que inclúan materias ou disciplinas troncais e obrigatorias do primeiro curso recoñeceráselles o primeiro curso completo do novo plan de estudos, ademais das disciplinas que lles correspondan nos outros cursos ao aplicar a táboa de adaptación.

b) Os alumnos que teñan superado, polo menos, 120 créditos do plan actual, que inclúan as materias ou disciplinas troncais e obrigatorias dos 2 primeiros cursos, recoñeceráselles os 2 primeiros cursos completos do novo plan, ademais das disciplinas que lles correspondan nos outros cursos ao aplicar a táboa de adaptación. Esta adaptación poderase aplicar a partir do curso 2009/10.

c) Os alumnos que teñan superado, polo menos, 180 créditos do plan actual, que inclúan as materias ou disciplinas troncais e obrigatorias dos 3 primeiros cursos, recoñeceráselle os 3 primeiros cursos completos do novo plan, ademais das disciplinas que lle correspondan nos outros cursos ao aplicar a táboa de adaptación. Esta adaptación poderase aplicar a partir do curso 2010/11.

#### **Terceiro.- Recoñecemento de créditos optativos.**

Ademais, os estudantes do plan actual poderán obter recoñecemento académico dun máximo de 12 créditos optativos, por acreditación de competencias relacionadas co título, adquiridas pola superación das materias do plan actual que non fosen utilizadas para outro recoñecemento.

Tamén poderán solicitar o recoñecemento ou adaptación de aquelas disciplinas que

téndoas superadas non figuran na táboa de adaptación pero que as competencias que proporciona a súa superación poden estar incluídas en materias do Grao.

Para este recoñecemento a solicitude do alumno deberá tramitarse ao centro para que, o órgano con competencias na materia, emita o informe correspondente.

#### **Cuarto. - Sistema de cualificacións dos créditos que se recoñecen.**

As disciplinas ou créditos que se lles recoñezan aos alumnos que se adapten ao Grao de Matemáticas e que non foron cursadas na anterior titulación serán cualificadas como APTA/S.

As disciplinas ou créditos obtidos mediante o sistema de recoñecemento de créditos asignaráselles a cualificación numérica que establece o artigo 5 do RD 1125/2003, de 5 de setembro e a cualificación cualitativa equivalente.

Cando os créditos ou disciplinas que se recoñezan teñan a súa orixe en varias disciplinas da actual titulación os resultados obtidos polo alumno en cada unha das disciplinas trasladaranse ás correspondentes do grao que se recoñecen segundo a seguinte fórmula: multiplicación dos créditos de cada unha das materias polo valor numérico da cualificación; suma dos resultados desta/s operación/s e o división do resultado entre o número de créditos totais. O resultado numérico completase coa cualificación cualitativa que lle corresponda segundo o Artigo 5 do RD 1125/2003.

#### **Quinto.- Unidade de recoñecemento.**

A Unidade de recoñecemento será o crédito sen perxuízo de poder recoñecer disciplinas ou módulos completos. Neste caso corresponderá ao centro determinar as actividades académicas que deberá realizar o estudante para que lle sexan recoñecidos a totalidade dos créditos da/s disciplina/s, que deberá comunicarllo ao coordinador da materia. O recoñecemento reflectirase no expediente só cando o estudante supere a totalidade dos créditos da materia e coa cualificación que a estes efectos determine o profesor ou profesora que realizou a avaliación do estudante.


Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2008

O Reitor

P.D. do 31 de xullo de 2007 (DOG 19/09/2007)

O Vicerreitor de Relacións Institucionais

Resolución do 3 de setembro de 2008



Benigno Fernández Prieto

Vicerreitor de Oferta Docente e EEES, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sr. Decano da Facultade de Matemáticas, Sr. Vicexerente da Área Académica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Director do OIU, Sra.. Xefa da Oficina de Reclamación e Mellora do Procedemento. Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur

ANEXO

<b>GRAO EN MATEMÁTICAS-USC</b> <b>TÁBOA DE ADAPTACIÓN DE MATERIAS</b> <b>DA LICENCIATURA AO GRAO EN MATEMÁTICAS</b>							
LICENCIATURA				GRAO			
MATERIA	CARACTER	CURSO	CREDITOS	MATERIA	CARACTER	CURSO	ECTS
<b>CURSO 1º</b>							
▪ Álgebra linear e multilinear	TR	1º	9	▪ Espazos vectoriais e cálculo matricial	BA	1º	6
				▪ Linguaxe matemática, conxuntos e números	BA	1º	6
▪ Cálculo diferencial e integral	TR	1º	9	▪ Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	BA	1º	6
				▪ Integración de funcións dunha variable real	BA	1º	6
▪ Cálculo diferencial e integral ▪ Integración de funcións de varias variables reais	TR	1º	9	▪ Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	BA	1º	6
				▪ Integración de funcións dunha variable real	BA	1º	6
	TR	2º	7,5	▪ Series funcionais e integración de Riemann de varias variables reais	OB	2º	6
				▪ Cálculo vectorial e integración de Lebesgue	OB	3º	6
▪ Informática	TR	1º	9	▪ Informática	BA	1º	6
▪ Introducción ao cálculo numérico	TR	1º	7,5	▪ Cálculo numérico nunha variable	OB	2º	6
▪ Topoloxía dos espazos euclidianos	TR	1º	7,5	▪ Topoloxía dos espazos euclidianos	BA	1º	6
▪ Introducción á análise matemática	OB	1º	9	▪ Introducción á análise matemática	BA	1º	6
▪ Xeometría métrica	OB	1º	9	▪ Álgebra linear e multilinear	OB	2º	6
▪				• Bioloxía Básica	BA	6	1º
▪				• Química Básica	BA	6	1º
<b>60 créditos de 1º curso do plan actual no que se inclúan as materias troncais e obrigatorias</b>				<b>Todas as materias do 1º curso do grao ademais das materias dos outros cursos segundo a táboa</b>			
<b>CURSO 2º</b>							
▪ Análise numérica matricial	TR	2º	6	▪ Análise numérica matricial	OB	2º	6
▪ Diferenciación de funcións de varias variables reais	TR	2º	7,5	▪ Diferenciación de funcións de varias variables reais	OB	2º	6
▪ Integración de funcións de varias variables reais	TR	2º	7,5	▪ Cálculo vectorial e integración de Lebesgue	OB	3º	6

▪ Integración de funcións de varias variables reais	TR	2º	7,5	▪ Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	BA	1º	6
▪ Cálculo diferencial e integral	TR	1º	9	▪ Integración de funcións dunha variable real	BA	1º	6
				▪ Series funcionais e integración de Riemann de varias variables reais	OB	2º	6
				▪ Cálculo vectorial e integración de Lebesgue	OB	3º	6
▪ Introducción ás ecuacións diferenciais ordinarias	TR	2º	7,5	▪ Introducción ás ecuacións diferenciais ordinarias	OB	2º	6
				▪ Ecuacións diferenciais ordinarias	OB	3º	4,5
▪ Introducción ao cálculo de probabilidades	TR	2º	6	▪ Elementos de probabilidade e estatística	BA	1º	6
▪ Vectores aleatorios	OB	3º	6	▪ Probabilidade e estatística	OB	3º	6
▪ Xeometría afín e proxección	TR	2º	9	▪ Xeometría linear	OB	2º	6
▪ Topoloxía	OB	2º	9	▪ Topoloxía xeral	OB	3º	4,5
				▪ Topoloxía de superficies	OB	3º	4,5
<b>120 Créditos do plan de estudos actual na que teñan incluídas as materias troncais e obrigatorias dos dous primeiros cursos</b>				<b>Todas as materias dos dous primeiros cursos do grao ademais das materias que correspondan segundo á táboa.</b>			
<b>CURSO 3º</b>							
▪ Curvas e superficies	TR	3º	9	▪ Curvas e superficies	OB	2º	6
▪ Elementos de variable complexa	TR	3º	6	▪ Variable complexa	OB	4º	6
▪ Inferencia estatística	TR	3º	7,5	▪ Inferencia estatística	OB	3º	6
▪ Introducción a álgebra	OB	3º	7,5	▪ Estructuras alxébricas	OB	3º	6
▪ Métodos numéricos	OB	3º	6	▪ Métodos numéricos en optimización e en ecuacións diferenciais	OB	3º	6
▪ Series de Fourier e introdución ás ecuacións en derivadas parciais	OB	3º	4,5	▪ Series de Fourier e introdución ás ecuacións en derivadas parciais	OB	3º	4,5
▪ Teoría global de superficies	OB	3º	7,5	▪ Teoría global de superficies	OB	3º	6
▪ Vectores aleatorios	OB	3º	6	▪ Elementos de probabilidade e estatística	BA	1º	6
▪ Introducción ao cálculo de probabilidades	TR	2º	6	▪ Probabilidade e estatística	OB	3º	6
<b>180 créditos dos tres primeiros cursos do plan actual que inclúan todas as materias troncais e obrigatorias deses cursos</b>				<b>Todas as materias dos tres primeiros cursos do grao ademais das materias que correspondan segundo a táboa</b>			
<b>CURSO 4º</b>							
▪ Álgebra	TR	4º	9,5	▪ Ecuacións alxébricas	OB	3º	6
▪ Análise funcional en espazos de Banach	TR	4º	7,5	▪ Análise funcional en espazos de Hilbert	OP	4º	6
▪ Cálculo numérico	TR	4º	9,5	▪ Métodos numéricos en optimización e ecuacións diferenciais	OB	3º	6
▪ Xeometría e topoloxía	TR	4º	9,5	▪ Variedades diferenciables	OP	4º	6
▪ Física xeral	OP	4º	4,5	▪ Física básica	BA	2º	6
▪ Métodos matemáticos da mecánica do continuo	OP	4º	4,5	▪ Física básica	BA	2º	6
▪ Modelos matemáticos	OP	4º	7,5	▪ Modelización matemática	OB	4º	6

▪ Álgebra conmutativa	OP	4º	6	▪ Álgebra, números e xeometría	OP	4º	6
<b>CURSO 5º</b>							
▪ Análise multivariante	OP	5º	7,5	▪ Modelos de regresión e análise multivariante	OP	4º	6
▪ Métodos de regresión	OP	5º	4,5				
▪ Astronomía xeral	OP	5º	6	▪ Fundamentos de astronomía	OP	4º	6
▪ Curvas alxébricas	OP	5º	6	▪ Álgebra, números e xeometría	OP	4º	6
▪ Fundamentos de astronomía	OP	5º	6	▪ Fundamentos de astronomía	OP	4º	6
▪ Historia da matemática	OP	5º	4,5	▪ Historia da matemática	OP	4º	6
▪ Homotopía	OP	5º	6	▪ Topoloxía de superficies	OB	3º	4,5
▪ Teoría clásica de números	OP	5º	6	▪ Álgebra, números e xeometría	OP	4º	6
▪ Teoría de xogos	OP	5º	7,5	▪ Teoría de xogos	OP	4º	6
▪ Programación linear e enteira	OP	5º	6	▪ Programación linear e enteira	OB	2º	6
▪ Diferenzas finitas en ecuacións en derivadas parciais	OP	5º	6	▪ Análise numérica de ecuacións en derivadas parciais	OP	4º	6
▪ Elementos finitos en ecuacións en derivadas parciais	OP	5º	6	▪ Taller de simulación numérica	OP	4º	6
▪ Ecuacións en derivadas parciais	OP	5º	6	▪ Ecuacións diferenciais	OP	4º	6
▪ Topoloxía alxébrica	OP	5º	6	▪ Topoloxía alxébrica	OP	4º	6
▪ Topoloxía de superficies	OP	5º	6	▪ Topoloxía de superficies	OB	3º	4,5